

Itinerario da couza

Poesía Dores Tembrás decodifica a infancia con imaxes emocionais

A característica máis fascinante do ser humano é a súa paixón constante por codificarse e decodificarse, e por extraer dese proceso unha nova visión do mundo ou unha nova razón para mirar as cousas que o rodean. Dores Tembrás percorre os camiños da súa memoria cun fardel que a cada paso se fai máis pequeno, porque aquilo que deixa de mancar pesa menos. Viaxa pola memoria da infancia de tres xeracións para reconciliarse coas lembranzas, con esa parte de nós mesmos que é o que fomos no pasado.

A poeta executa os símbolos coa precisión dunha intervención cirúrxica no órgano emocional. E consegue acender luces na memoria allea a base de caligrafía, cuadrículas, xabrón de lagarto, latas de costura... e facer desas imaxes emocionais a chave para decodificar a infancia e reconciliármolos con ela. Nin as tres xeracións que percorre nin as lectoras e lectores estamos lonxe do que se nos conta. A sinxeleza extrema dos poemas permítenos vivir case desde dentro o lavado dos panos no río e escoitar a voz da nai, andar os quilómetros que nos separan da escola, facer adornos para a árbore de Nadal. A autora consegue esa sinxeleza a forza de podar os poemas de todo o innecesario, de deixar só os trazos básicos do debuxo. E o pouso de todo iso queda en imaxes para que o tendal da roupa poida exhibir, impúdico, a reconciliación coa memoria, a homenaxe a todas as mans e a todas as voces que nos conforman.

E no comezo e no fin desa viaxe o fume marca a orixe, a xenealoxía ("saberán/ que a pé de lume nos criaron"). Unha xenealoxía que aparece valorada e homenaxeada xa desde a dedicatoria do libro. Por outra parte, a propia estrutura tripartita do poemario está relacionada co símbolo axial, co fume: oxida-

O pouso do fume ·
Dores Tembrás ·
Espiral Maior, 2009 ·
73 páx · 14 euros



Lugo a finais dos 60 // Arquivo Vega

ción, combustión e pouso. Trátase dunha gradación que marca que o lume non só destrúe, tamén purifica e abre a porta a coñecementos novos, deixa unha marca para ser lida por quen queira interpretala. Iso sábeno ben os que se crían a pé de lume e que cando perden un ser querido pensan, "quen me contará a historia/ de cada colcha de cada garfo". Unha homenaxe á xenealoxía que é, ao mesmo tempo, unha homenaxe á palabra: desde a nena que intenta dominala na cuadrícula á muller que a transmite. Presenciamos a viaxe da cuadrícula ás historias da avoa, e os poemas de Dores Tembrás tócanos por dentro e dinnos que a memoria é un baúl vello con couza que merece a pena restaurar, cando da nena que fomos "só queda/ unha man/ que xa non fai caligrafía". // **Lorena Domínguez Mallo**